

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONSELLO REITOR DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS

DÍA 22 DE DECEMBRO DE 2022

Na Sala Branca do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as dezanove horas e trinta e cinco minutos do día vinte e dous de decembro de dous mil vinte e dous, reúnense en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria, os membros do Consello Reitor que se relacionan, e coa seguinte orde do día:

Presidente: D. Argimiro Serén Mera

Vicepresidente: D. Álvaro Carou García

Vogaís: Dna. Ana M^a Granja Guillán

D. Ángel Francisco Vilas Fernández

D. José Ramón Santorum Canto

D. José Luis Peso Teodosio

D. Ángel Cardalda Mosquera

D. Isidro Fernández Portas (incorpórase ás 19:40 horas)

Director Deportivo: D. Juan Miguel Doval Blanco

Secretaria/accidental: Dna. M^a Rosario González Pacios

Interventora: Dna. Monserrat Cores Vázquez

Antes de comenzar a tratar os asuntos incluídos na orde do día, o Sr. presidente da conta das renuncias polas Sras. Inteventora-delegada e Secretaria-delegada ao desempeño das funcións que tiñan delegadas de intervención e secretaría do organismo Autónomo FPSDM deste Concello de Vilagarcía, pasando, a partir do 1 de decembro de 2022, a ser desempeñada a secretaría do Organismo Autónomo municipal da FPSDM por Dna. Rosa Losada Suárez en calidade de Secretaria Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa e a intervención do Organismo Autónomo municipal da FPSDM por Dna. Monserrat Cores Vázquez en calidade de Interventora do Concello de Vilagarcía de Arousa.

A continuación pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

1.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, SE PROCEDE.

Dáse conta da acta do Consello Reitor da sesión extraordinaria do día vinte e catro de outubro de dous mil vinte e dous e, unha vez atopada conforme, o Consello Reitor por unanimidade, préstalle a súa aprobación.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS RECOÑECIMENTOS DE OBRIGA, DAS CONCESIÓNS DE SUBVENCÍONS CONFORME AS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS AO FOMENTO DO DEPORTE FEDERADO, EXERCICIO 2022, CORRESPONDENTE Á TEMPADA 2020/21 OU, ANO 2021, DOS CLUBES/ENTIDADES DEPORTIVAS QUE NON PRESENTAN CORRECTAMENTE A SÚA XUSTIFICACIÓN.

Dáse conta dos informe da Sra. interventora no que sinala que os Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan, non presentaron parte da documentación xustificativa correctamente nos prazos establecidos segundo as bases, ao non alcanzar a súa xustificación o 100% da subvención concedida e/ou do total das subvencións recibidas polas Admsinistracións Públicas:

<u>CLUB/ENTID. DEPORTIVA</u>	<u>CONCESIÓN</u>	<u>TOTAL SUBV. A.P.</u>	<u>XUSTIF.</u>	<u>DIFERENCIA</u>
CLUB XIMNASIA RITMICA. VILAGARCÍA	453,40 €	895,26 €	834,26 €	61,00 €
CLUB DE BALONMANO AROUSA	3.128,46 €	5.539,52 €	4.523,45 €	1.016,07 €
CLUB KENPO VILAGARCÍA	4.397,98 €	4.397,98 €	3.801,16 €	596,82 €

O Consello Reitor por unanimidade acorda:

1.- Aprobar o recoñecemento da obriga a favor do Club/Entidade Deportiva: CLUB XIMNASIA RITMICA VILAGARCIA, que presenta parte da documentación xustificativa correcta, por importe de 392,40 €, con cargo á partida 342-483,00. Así como anular parte da adxudicación da subvención concedida ao devandito Club/Entidade Deportiva, conforme ao apartado 9 das devanditas bases, ao non alcanzar os xustificantes de gastos correctos o importe total das subvencións públicas recibidas por importe de 61,00 €, con cargo á partida 341-483,00.

2.- Aprobar o recoñecemento da obriga a favor do Club/Entidade Deportiva: CLUB DE BALONMANO AROUSA, que presenta parte da documentación xustificativa correcta, por importe de 2.112,39 €, con cargo á partida 342-483,00. Así como anular parte da adxudicación da subvención concedida ao devandito Club/Entidade Deportiva, conforme ao apartado 9 das devanditas bases, ao non alcanzar os xustificantes de gastos correctos o importe total das subvencións públicas recibidas por importe de 1.016,07 €, con cargo á partida 341-483,00.

3.- Aprobar o recoñecemento da obriga a favor do Club/Entidade Deportiva: CLUB KENPO VILAGARCÍA, que presenta parte da documentación xustificativa correcta, por importe de 3.801,16 €, con cargo á partida 342-483,00. Así como anular parte da adxudicación da subvención concedida ao devandito Club/Entidade Deportiva, conforme ao apartado 9 das devanditas bases, ao non alcanzar os xustificantes de gastos correctos o importe total da subvención concedida por importe de 596,82 €, con cargo á partida 341-483,00.

3.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciron

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as dezanove horas e cincuenta minutos do día da data, dáse por rematada a sesión do que se estende a presente acta, e da que eu, como secretaria accidental dou fe.